

A institucionalización do idioma e a implicación das administracións

A lingua galega na sociedade actual

A administración pública de Galicia foi a responsable dunha etapa de institucionalización da lingua galega sen precedentes na historia de Galicia. Se antes este ámbito era realmente refractario e hostil ao galego, pasamos desa situación abertamente negativa a contar con administracións involucradas, a diferentes niveis, na utilización e na recuperación do galego.

Á Xunta de Galicia, a administración autonómica, tocoulle desenvolver en toda a súa extensión o marco lexislativo actual, que recoñece o status do galego como lingua propia de Galicia e a obriga de que a administración promova e protexa o dereito cidadán a usala. Neste sentido, a Xunta de Galicia foi desde o principio o responsable da galeguización non só da mesma administración, senón tamén da sociedade galega no seu conxunto. Principalmente desde a Consellería de Educación, e en particular desde a Dirección Xeral de Política Lingüística, fóronse poñendo en marcha distintas iniciativas e proxectos para fomentar a revitalización da lingua, algunhas máis afortunadas cás outras, é certo, pero todas elas orientadas a mellorar a presenza da lingua galega nos distintos dominios sociais.

Outras iniciativas da administración autonómica, como a posta en marcha da Escola Galega de Administración Pública, contribuíron igualmente a ese obxectivo. A edición do Diario Oficial de Galicia en galego e a dispoñibilidade dunha edición en galego do Boletín Oficial do Estado son outros exemplos de logros conseguidos.

Con todo, a relevancia da Xunta de Galicia no proceso normalizador non debe impedir analizar os problemas que aínda presenta. A inexistencia dun sistema que garanta a competencia plena en galego dos traballadores/as públicos ou a falta de coordinación que ás veces se pon de manifesto á hora de desenvolver estratexias de fomento da lingua non empece o dito anteriormente.

En relación coa administración local, aprobouse en 1988 unha lei de uso do galego nas corporacións locais que ampara a realización en galego de diversas actividades internas

nas tarefas dos concellos (redacción de formularios e actas, editos, etc.). E a nivel externo os concellos, de forma moi desigual, tenden a desenvolver un conxunto de actividades dirixidas á cidadanía e aos sectores clave de cada municipio: desde ofrecer formación lingüística ata organizar actividades de dinamización cultural.

A xestión lingüística local foi especialmente interesante no caso dos concellos que puxeron en marcha servizos lingüísticos permanentes. O traballo lingüístico levado a cabo en concellos como Vigo, Fene, Santiago de Compostela, Pontevedra, Ferrol, Redondela ou A Estrada e na deputación de A Coruña, por poñer algúns exemplos ben significativos, é unha excelente proba do labor político e técnico que dá froitos na mellora da competencia en galego, na visibilidade social da lingua e na sensibilización social cara a ela. Esta positiva experiencia dos servizos lingüísticos existentes nalgúns dos concellos galegos son a proba máis evidente da necesidade de consolidar a súa presenza no resto das administracións locais.

E tocante ao ámbito da administración de xustiza, estamos ante un eido cun nivel de galeguización menor. Os motivos para esta situación son variados. Trátase dun ámbito con competencias transferidas e outras que non o están, de maneira que non se puido levar a cabo unha acción lingüística máis decidida. Con todo, durante estes últimos anos déronse pasos relevantes, como a creación de gabinetes lingüísticos nas audiencias provinciais, ou a edición de compendios legais en galego, ademais doutras actividades de rotulación, de formación lingüística dos traballadores xudiciais ou campañas de sensibilización en diferentes colexios profesionais vinculados coa xudicatura.

No mes de maio de 2005 presentouse unha iniciativa para a normalización da lingua galega no ámbito xudicial, grazas á implicación dun numeroso grupo de profesionais próximos á Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística, quen promoveu a publicación do libro ***Palabras de lei. Galeguizar Galicia***.

Ademais do labor da administración autonómica, local e de xustiza, é preciso salientar a implicación galeguizadora de diferentes institucións públicas. Por exemplo, e como non podía ser doutro xeito, a Real Academia Galega, que pouco a pouco está a desempeñar un papel relevante como institución central das letras galegas. Ou o Consello da Cultura Galega, que se foi configurando nun centro de debate e de documentación dun amplo abano de temas vinculados coa cultura galega, como a lingua, a emigración, a memoria histórica, etc.

E directamente vinculado coas administracións mencionadas debemos salientar o labor dos servizos lingüísticos e de normalización, tanto a nivel da Xunta, dos concellos, de Xustiza, etc., que levan desenvolvendo unha actividade clave no proceso de

normalización. Tanto se trate de servizos consolidados (xa integrados no organigrama do concello, audeiencia, etc.) como non consolidados (dependentes da solicitude dunha subvención para existiren), o progreso en actividades vinculadas co status e co corpus do galego serían impensables sen eles. No Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega contémpanse medidas de promoción da lingua no ámbito de cinco áreas da administración: a Xunta, a administración local, a de xustiza, a administración periférica do Estado, e notarías e outros servizos documentais e de xestión.

LA VOZ DE GALICIA, S.A. se reserva todos los derechos como autor colectivo de este periódico y, al amparo del art. 32.1 de la Ley de Propiedad Intelectual, expresamente se opone a la consideración como citas de las reproducciones periódicas efectuadas en forma de reseñas o revista de prensa. Sin la previa autorización por escrito de la sociedad editora, esta publicación no puede ser, ni en todo ni en parte, reproducida, distribuida, comunicada públicamente, registrada o transmitida por un sistema de recuperación de información, ni tratada o explotada por ningún medio o sistema, sea mecánico, fotoquímico, electrónico, magnético, electro óptico, de fotocopia o cualquier otro en general. M de A Coruña en el Tomo 2.438 del Archivo, Sección General, al folio 92, hoja C-2141. CIF: A 15000649

© Copyright LA VOZ DE GALICIA S.A. Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España) RM de A Coruña: tomo 2413, folio 84, hoja C-12502. CIF: B-15.482.177